

**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN
QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA**

EXPEDIENTE: 274/17

PROMOTOR: Concello de Carnota

INTERVENCIÓN: Saneamento e beirarrúas en Peralbar e A Rateira.

CONCELLO: CARNOTA

ANTECEDENTES

1. Este expediente foi visto pola CTPHG nas xuntanzas de datas 15.03.2017 e 31.05.2017, nesta última informouse desfavorablemente as obras solicitadas nos termos da proposta debéndose corrixir de xeito que quedara garantido que as obras non afectan directamente aos bens protexidos. Asemade adiantouse que en calquera caso as obras deberían contar coa supervisión arqueolóxica para o que se debería presentar o correspondente proxecto de control e seguimento arqueolóxico.

A nova documentación agora remitida polo Concello de Carnota, tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo da Coruña, o día 25.10.2017, entrada 142901 / RX 2626317, xuntando planos e fichas en relación ao documento de "Saneamento e beirarrúas en Peralbar e A Rateira. Carnota" asinado pola arquitecto dos servizos municipais José Carlos Leis Caruncho.

Ao tratarse dunha intervención no contorno de bens catalogados, segundo o artigo 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.

2. A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, reunida en sesión o día 22 de novembro de 2017, acordou emitir o seguinte informe:

"As obras pretenden pavimentar e dotar de infraestruturas aos núcleos de Peralbar e A Rateira, dividindo as actuacións en dous tramos: Tramo 1: Construcción de beirarrúas no núcleo de A Rateira, mediante a colocación dun bordo de formigón prefabricado e un pavimento de beirarrúas con canaleta de recollida de pluviais; e Tramo 2: dotación de canalizacións para saneamento, pluviais e abastecemento ao núcleo de Peralbar; tamén se pavimentará en formigón, un tramo de terra neste núcleo.

O proxecto reformado dá cumprimento ao indicado pola Comisión ao corrixilo segundo o indicado.

*Visto o expediente e de acordo cos correspondentes informes dos servizos técnicos, a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, estritamente dende as súas competencias en materia de protección do Patrimonio Cultural e con independencia do cumprimento da legislación urbanística (competencia do Concello) ou calquera outra legislación sectorial, por unanimidade dos vogais presentes nesta reunión, **acorda informar favorablemente as obras solicitadas coas seguintes condicións:***

- Antes do inicio das obras, ou de calquera actividade non arqueolóxica relacionada con eles, será localizado e identificado o tramo do camiño tradicional, así coma a documentación e preservación deste e dos restos arqueolóxicos que poidan aparecer.
- Asemade terá que presentarse para a súa autorización polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, un **proxecto de**





control arqueolóxico das obras previstas, asinado por técnico competente, que cumpra os requisitos esixidos no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito proxecto precisará da autorización deste Departamento Territorial para a súa execución.

- As obras non poderán iniciarse ata que dito proxecto sexa autorizado.
- A vista dos resultados da actuación arqueolóxica poderán modificarse as condicións da autorización das obras.”

3. A acta da sesión na que se tomou o acordo mencionado no punto anterior será sometida a aprobación na próxima reunión da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 8.4 do Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamiento das comisões territoriais do Patrimonio Histórico Galego.

CONSIDERACIÓN LEGAL

1. As obras que se pretenden executar sitúanse dentro do contorno de protección do “Asentamento romano de A Rateira” recollido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carnota (ano 1996), e coa referencia GA15020062-asentamento romano do Viso no Inventario da DX de Patrimonio Cultural. Asemade neste inventario tamén se recolle o Asentamento de Rieiro coa referencia 150200002. “Hórreos na aldea de Peralbar, hórreo e muíño” recollidos no PXOM en tramitación.
De acordo co disposto nos artigos 8 e 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, os bens inmóveis que, polo seu interese cultural, fosen recollidos individualmente nun instrumento do planeamento urbanístico teñen a consideración de bens catalogados.

2. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamiento das Comisões Territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.
- Disposición transitoria única do Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamiento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

3. Segundo o disposto no artigo 39 la Lei 5/2016, calquera intervención que se pretenda realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Coordinación da Área Cultural

Edificio Administrativo de Monelos
Rúa de Vicente Ferrer, 2 -3º
15071 A CORUÑA
Teléfono 981 185 691
Fax: 981 185 891

protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 18 de maio de 2017, pola que se delega no titular do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, o ejercicio de determinadas competencias; o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

RESOLVO

Autorizar as obras solicitadas coas condicións sinaladas no informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento das ordenanzas municipais.

A Coruña, asinado dixitalmente polo xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural (por delegación da directora xeral de Patrimonio Cultural. Resolución do 18 de maio de 2017, DOG núm. 102 do 31 de maio).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

